

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución de la Alcaldía de fecha 13-04-15 el Padrón de la Tasa de Recogida de Residuos Sólidos Urbanos del segundo trimestre de 2015, se exponen al público en la Secretaría del Ayuntamiento por plazo de quince días a efectos de examen y reclamaciones, quedando elevada a definitiva dicha aprobación en el caso de que no se presentaran reclamaciones.

Se establece como período de cobro en voluntaria del 1 al 20 de agosto de 2015.

Lourenzá, 13 de julio de 2015.- LA ALCALDESA, Rocío López García

R. 2915

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 24 de xuño de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DA PROTECCIÓN DA COMUNIDADE DO CONCELLO DE LUGO. (EXPDTE REF: 26-2015)**. Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme ás seguintes características:

#### **1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### **2.- Obxecto do contrato.**

##### **a) Descrición do obxecto:**

O obxecto do presente contrato é a subministración mediante renting (arrendamento sen opción de compra, mantemento e cobertura de riscos) de un vehículo todoterreo de sete prazas e cinco portas para a área de protección da comunidade.

**b) Prazo de execución:** A duración do contrato será de DOUS ANOS, contados a partir do día seguinte ó da acta de recepción do vehículo, que deberá subministrarse no prazo máximo establecido nesta cláusula ou no ofertado polo adxudicatario. Este contrato poderá prorrogarse por períodos máximos anuais ata un total de CATRO ANOS incluídas as prórrogas. O prazo de entrega do vehículo será de 60 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

#### **3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedimientto:** aberto.

#### **4.- Tipo de licitación.**

O valor estimado do contrato tendo en conta a duración inicial e as posibles prórrogas é de 38.400 euros (excluído o IVE). O prezo mensual do aluguer é de 800 euros, máis o IVE (21%) 168 euros- resultando un total de 968 euros/mes; non obstante sobre este prezo mensual os licitadores realizarán as súas ofertas.

Ver cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares.

#### **5.- Obtención de documentación e información.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

**c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-71-86

**e) Telefax:** (982) 29-72-59.

**f) Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) ( Zona de servicios: pertil do contratante)

**g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### **6.- Requisitos específicos do contratista.**

**a) Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións.

**7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** **15 días naturais** contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

**c) Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

**8.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Centro de Servicios Municipales

b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

10.- **Gastos dos anuncios:** 161,72 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 14 de xullo de 2015.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2918

---

**MURAS***Anuncio*

A Alcaldía deste Concello en resolución do 6 de xullo de 2015, acordou efectuar as delegacións de atribucións da Alcaldía que a seguir se detallan:

1º. Efectuar delegación de atribucións desta Alcaldía nas áreas de goberno e xestión de servizos que a seguir se detallan:

a) Delegar na primeira tenente de Alcalde Dª. Belén Chao Ramil as atribucións referentes a dirección interna, inspección e xestión de Turismo, Comercio, Servizos socio-sanitarios e Igualdade.

b) Delegar no segundo tenente de Alcalde D. Mario Rouco Rey as atribucións referentes a dirección interna e xestións de Medio Rural e Medio Ambiente.

c) Efectuar delegación especial no concelleiro D. Carlos Carballés Penabad das atribucións referentes a dirección interna e xestións de Patrimonio e Rehabilitación, Vivenda, Festas, Cultura e Promoción do Deporte.

As demais atribucións seguirán de competencia da Alcaldía, en especial o relativo a coordinación das diferentes áreas de goberno, e áreas de Desenvolvemento Local, Facenda, Persoal, Urbanismo e Obras, e Normalización lingüística.

2º. Dar conta das devanditas delegacións ó pleno da Corporación na primeira sesión que realice, con notificación ós interesados que agás manifestación expresa considerarse aceptada, e publicación no B.O.P.

O que faise público de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 10 de xullo de 2015.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo

R. 2919